

# A EXPERIENCIA DO PAPEL RECICLADO EN VILAGARCÍA

por **M. Chouza e R. Cid**  
Profesores do I. B. Carril-Vilagarcía

Esta experiencia se ben escomenza fai dous anos, afunde as súas raiceiras no tempo con toda unha serie de actividades intercentros a nivel do ensino medio de Vilagarcía, sobre o tema da árbore, basadas na montaxe dunha exposición itinerante polos dous centros de Bacharelato e polo de Formación Profesional. Xunto a esta fixéronse varios anos plantacións de árbores autóctonas no monte Xiabre perto de Vilagarcía, nunhas masivas festas da árbore.

Do tema da árbore, e á instancia do centro de Formación Profesional, pasouse ao do papel reciclado. Neses intreos o Concello de Vilagarcía reuniu a tódolos profesores dos diferentes niveis educativos interesados en colaborar na recuperación de papel para que posteriormente fora reciclado. Como a idea coincidía coa dos docentes, os centros de ensino escomenzaron a recuperar papel que traían os alumnos/as e profesores/as, para clasificalo e gardalo.

Así pasaron meses sen que o Concello dese sinais de vida, non aparecían os contenedores e as montañas de papel acumulado nos centros de ensino medraban e medraban. A laboura de recollida e clasificación levaba recreos e máis recreos a grupos animosos de rapaces e rapazas que ataban incansables moreas de xornais vellos, apuntes e papeis variadísimos. Tamén se fixo recollida de vidro e pilas, tanto alcalinas como pilas de botón. Nalgúns centros elaboráronse revistas de ecoloxía con números especiais adicados ao tema do lixo e da reciclaxe, facendo fincapé no dato de que Vilagarcía xenera 30 toneladas diarias de lixo, do cal 6 toneladas corresponden a papel e cartón e 1 a vidro, todas elas perfectamente reciclables. Tamén se estimou o número de pilas tiradas ao lixo durante un ano en Vilagarcía, que era

**«VILAGARCÍA XENERA 30 TONELADAS DIARIAS DE LIXO, DO CAL 6 TONELADAS CORRESPONDEN A PAPEL E CARTÓN E 1 TONELADA A VIDRO, TODAS ELAS PERFECTAMENTE RECICLABLES»**

dunhas 270 mil pilas salinas e 30 mil pilas de botón, con toda a súa venenosa carga de mercurio e cadmio.

Diante das presións por parte dos docentes sobre o Concello, este por fin decidiuse a recoller o almacenado, e así mal que ben foi pasando o tempo. Incluso chegaron os tan esperados contenedores, nada axeitados para o fin destinado ao ter un sistema tipo rendixa ou buzón para a recollida de papel, polo que este xa non podía ser atado en paquetes. A comenzos do presente curso un camión do Concello recolleu outra das cargas de papel, que nunca chegaría ao seu destino. A mediados do mes de outono, un grupo de alumnos do I. B. Carril, descubriu por casualidade o vertido de papel na finca propiedade do Concello en Pinar do Rei.

Diante deste feito, o colectivo de profesores que leva adiante a iniciativa da reciclaxe, escomenza a moverse para aclarar o sucedido, facelo público e buscar responsabilidades. Para elo elaborouse un vídeo que foi logo difundido polos centros de ensino. Sucédense as reunións nos centros e decídese denun-

**«A CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE PAPEL SEGUE ADIANTE, AO RECOÑECER O CONCELLO OS SEUS ERROS»**

ciar publicamente mediante unha rolda de prensa o malestar, pois toda a ilusionada laboura pedagóxica de educación ambiental sufrira unha alraxe para os alumnos/as e profesores/as.

Segundo as explicacións das autoridades municipais, o cargamento de papel fora rexeitado pola organización Reto en Pontevedra, que era a encargada de vender este papel para financiar as súas actividades de axuda aos drogodependentes. A repulsa escolar empeorou ao dicir o Concello que o papel para reciclar «estaba depositado nun almacén». O asunto este de tirar o papel, inventando o concello de Vilagarcía un novo sistema de reciclaxe a longo prazo, levantou unha grande polémica informativa.

O Concello respondeu acusando ao profesorado de estar vinculado a unha determinada opción política e de manipular aos alumnos e utilizar un tempo pagado por todos para meter un tema político a rapaces de 15 anos. Ao ser isto falso, a carraxe encrespou máis aínda os ánimos e nas xuntanzas e assembleas dos centros decidiuse recoller firmas entre o alumnado para manifestar o rexeitamento do feito. Froito delo e nun curto prazo de tempo recolléronse máis de 600 sinaturas. O profesorado fixo o propio, con unha carta que saiu publicada nun xornal e asinada por máis de 60 docentes e realizáronse debates sobre o tema na radio local. Asimade recibíronse mostras de apoio de claustros de centros de ensino doutras localidades como o Colexio Público de Louro (Muros).

Neste intre a campaña de recollida de papel segue adiante, ao recoñecer o Concello os seus erros, e os centros continúan a colaborar na recuperación e clasificación para a reciclaxe do papel. Asimade o Concello puxo a andar unha campaña seria de recollida de pilas. ■